



FACEMOS CIENCIA

INSTRUCCIÓN

Para completar esta tarefa deberás seguir as seguintes indicacións:

- Facemos grupos de 3/4 persoas.
- **FICHA 1:**
 - Lemos con atención os pasos a seguir do experimento a realizar.
 - Preparamos o material necesario.
 - Seguimos os pasos por orde para aplicar o método científico na nosa investigación.
- **FICHA 2:**
 - Unha vez realizado o experimento, completamos a ficha de investigación entre todos os membros do grupo.
 - Ao finalizar, cada grupo explica ao resto da clase os resultados obtidos e as conclusións ás que chegou.



A destilación

Obxectivo

Demostrar como a destilación permite separar e purificar a auga dunha mestura de auga e terra.

Material

- Un matraz de destilación
- Un tubo de destilación
- Un condensador
- Un vaso de precipitados
- Unha fonte de calor.
- Auga e terra para a mestura
- Pinzas para manexar o material.

①

Introdución

- A destilación é un proceso que utiliza o calor para separar mesturas aproveitando a diferenza no punto de ebulición.



②

Preparación

- Nun recipiente, mestura auga con terra ata que se forme unha mestura turbia.
- Verte esta mestura no matraz de destilación.



③

Montaxe

- Coloca o matraz de destilación sobre a fonte de calor.
- Conecta o tubo de destilación ao matraz
- Coloca un vaso de precipitados para recoller a auga.



④

Experimento

- Acende a fonte de calor.
- Observa como a mestura comeza a ferver.
- O vapor viaxa polo tubo de destilación, onde se arrefriará e transformarase en auga.



⑤

Resultados

- Apaga a fonte de calor.
- Observa a auga pura (destilada) no vaso de precipitados.
- Compara a auga destilada co que queda no matraz (terra ou residuos sólidos).



⑥

Reflexión

- Que pasou coa terra durante o proceso?
- Por que a auga se volveu limpa?
- Como poderíamos usar este método na vida cotiá?

Conclusións

- A destilación separa substancias usando o seu punto de ebulición. Neste caso, a auga transformouse en vapor, deixando atrás a terra no matraz. O vapor condensado volveu a ser auga.



Precaucións


- Supervisa sempre o uso de calor.
- Asegúrate de que o equipo de destilación está ben montado e hermético.
- Usa luvas ou pinzas para manexar os materiais quentes.



Facemos ciencia

Nome: _____

EXPERIMENTO Nº ____ : _____



Material

Pasos a seguir

Debuxo

Resultados

